

Adxunto os puntos que tratamos na reunión do martes, 11 de febreiro relativos ao Entroido.

- Para o disfraz precisaremos:

- ✓ **Ás de mariposa:** Poden ser mercadas, aínda que seguramente queden mellor as de elaboración propia. Aquí vos deixo algunhas opcións, pero hai tantas como imaxinedes.



Como vedes, realízase en cartón e para decorar as ás pode usarse papel celofán, goma eva, fieltro...

Na seguinte ligazón podedes ver un vídeo cunha idea de como facelo.

<https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=332o96Jm8Og&feature=youtu.be>

As ás deben levar unha goma para suxeitalas (aínda que no vídeo usan lazo, vai ser máis cómodo para eles e elas que sexa con goma, xa que suxeita mellor.

- ✓ **Antenas:** Deben traer unha diadema de antenas de bolboreta.
- ✓ **Patas:** Na camiseta deberán traer cosidas seis patas (que deben estar por encima da cintura)

✓ **Na cara:** Na cara pintaremos un antifaz. É **IMPORTANTE** que se algún neno non pode maquillar a cara por razóns de alerxias ou outros motivos, nos avisedes, así buscaremos unha alternativa.

- Os nenos e nenas deberán vir vestidos de negro (incluído o calzado). A parte de arriba, como ten as patas, deben traela nunha bolsa. O pantalón e o calzado poden traelo xa posto.

Por outra banda, o alumnado de 4º será o encargado do Folión. Os nenos e nenas terán que traer un bombo, un tambor ou un sacho cun martelo pequeno. É importante que o traian unha semana antes para realizar os ensaios.

Ese día o alumnado comerá ás 13:00h. A partir das 14,00 subirán á aula para prepararse (aceptamos voluntarios e voluntarias para virnos axudar coa maquillaxe) e ás 14,45h comezará o desfile, onde, por suposto, agardamos vervos.

Calquera dúbida, ou se precisades axuda para realizar algún dos materiais, non dubidedes en poñervos en contacto comigo.

Un saúdo!